

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA COMPARTIR O USO DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BIBLIOTECAS INNOPAC ADQUIRIDO PARA O DESENVOLVEMENTO DA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA.

Santiago de Compostela, trinta e un de outubro de dous mil dous

REUNIDOS

Dunha parte, Excmo. Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Rector Magnífico de la Universidade de Vigo en virtude da competencia atribuída no artigo 97 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

E por outra parte, o Excmo. D. Eduardo García-Rodeja Gayoso, Presidente do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, CIF Q1500279C, actuando en nome e representación deste organismo, acorde có acta de constitución de data 29 de novembro de 2001.

EXPONEN

PRIMEIRO.-Que con data catro de decembro de 1998, a Xunta de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña y Vigo asinaron un Protocolo de intencións para o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas de Galicia.

SEGUNDO.-Que con data 18 de outubro de 2001 asinouse un Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería de Presidencia e

Administración Pública, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Sociedade Anónima Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

TERCEIRO.-Que o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ten como obxectivo fundamental a continúa mellora da calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria e, ademais ten, cedido polo CESGA, o uso, por tempo indefinido, do servidor de datos GP7000 e do software Innopac adquiridos para o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas de Galicia.

CUARTO.-Que a Universidade de Vigo ten, entre os seus obxetivos, proporcionar o mellor servizo bibliotecario a súa comunidade universitaria e colaborou na implantación do software Innopac cedido ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Deste interese compartido, as partes asinantes acordan suscribir o presente Convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia asume a administración, xestión e mantemento do servidor GP7000 e a administración e xestión do software Innopac.

SEGUNDA.-O coste do mantemento do software Innopac compartiráse entre a Universidad de Vigo e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, en función dos módulos utilizados por cada entidade. Este mantemento será revisado anualmente polo incremento do IPC correspondente a cada ano.

No momento da sinatura deste Convenio de Colaboración, o coste do mantemento do Software Innopac para o ano 2002 correspondente á Universidade de Vigo ascende a 29.581,85 € (4.922.007 pts.), IVA incluído. No Anexo inclúense a relación de produtos do SW Innopac.

TERCEIRA.-Forma de pago do mantemento: A Universidade de Vigo efectuará o pago ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 0022122B226.09 do ano 2002.

CUARTA.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia será o único interlocutor válido ante a empresa Innovative Interfaces en asuntos financeiros.

QUINTA.-O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia delega na Universidade de Vigo a responsabilidade do bo funcionamento (derivado da parametrización) daqueles módulos do software Innopac que sean utilizados única e exclusivamente pola súa Biblioteca Universitaria.

SEXTA.-A Universidade de Vigo designará entre o seu personal, un Coordinador do sistema Innopac, que figurará como contacto no directorio personal de Innovative Interfaces.

SÉTIMA.- A Universidade de Vigo poderá solicitar ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia todos aqueles produtos do software Innopac que necesite para a adecuada xestión da súa Biblioteca Universitaria, asumindo os costes que se deriven.

OITAVA.-O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e a Universidade de Vigo actuarán conxuntamente na toma de decisións que afecten o desenvolvemento do software Innopac utilizado por ámbalas dúas entidades.

NOVENA.-O presente convenio terá vixencia ata o trinta e ún de decembro de 2002 e poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes, previa revisión de

prezos, salvo que sexa denunciado por algunha delas, cunha antelación mínima de dous meses antes do seu remate.

DÉCIMA.- Serán causas de resolución del convenio a non realización da finalidade de éste, así como calquera outro incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas.

E para que así conste, en proba de conformidade, asinan o presente convenio

O Presidente del Consorcio de
Vigo
Bibliotecas Universitarias de Galicia

O Rector de la Universidad de

Asdo.: Eduardo García-Rodeja Gayoso
Amoedo

Asdo.: Domingo Docampo